

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 21 DE OUTUBRO DE 2024

1. ASISTENCIA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL. Referencia: 2024/00046389K.

Aprobación de actas de sesión anteriores.

Aprobar as actas correspondentes ás seguintes sesión da Xunta de Goberno Local:

- Ordinaria do 14 de outubro de 2024.
- Extraordinaria e urxente do 15 de outubro de 2024.
- Extraordinaria e urxente do 17 de outubro de 2024.

2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2024/00044034N.

Reforma de baixo de vivenda para garaxe na rúa Meixonfrío, 6A

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto técnico asinado o 13/03/2023 polo arquitecto técnico José Manuel Fernández Castro e documentación complementaria de datas 25/05/2023, 28/08/2023 e o 18/06/2024, cun orzamento execución material de 5,764.00€, a reforma de baixo de vivenda para garaxe na rúa Meixonfrío, 6A Santiago de Compostela (A Coruña)

3. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00022136H.

Rehabilitación e ampliación de vivenda sita na rúa do Veado, 20.

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución redactado pola arquitecta Susana Dosil Nuñez de data de visado do 11/03/2024 cun orzamento de execución material de 40,000.00 €, a rehabilitación e ampliación de vivenda sita na rúa do Veado, 20 Santiago de Compostela (A Coruña),

4. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2024/00015976Z.

Substitución de cuberta na vivenda sita no Lg Portela de Vilvestro 56.

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución redactado polo arquitecta María Gosende Duarte de data de visado do 01/04/2024, cun orzamento de execución material de 18.879,66 €, a substitución de cuberta na vivenda sita no Lg Portela de Vilvestro 56 Santiago de Compostela (A Coruña).

5. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2024/00043994H.

Mellora de accesibilidade, substitución e baixada de ascensor a cota cero no inmovible sito na rúa República de El Salvador, 14.

Acórdase conceder á comunidade de propietarios República de El Salvador, 14 licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto técnico elaborado polo arquitecto José Antonio Gómez Domínguez presentado na data 22/03/2024 cun orzamento de execución material de 95.630,25 €, a mellora de accesibilidade, substitución e baixada de ascensor a cota cero no inmovible sito na rúa República de El Salvador, 14 Santiago de Compostela (A Coruña),

6. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2023/00030460N.

Instalación de ascensor no inmovible sito na rúa Tambre,9 e autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade reguladas no Decreto 29/2010.

Acórdase:

Primeiro.- Conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Marcial Mosquera Lorenzo presentado na data 07/07/2023 cun orzamento de execución material de 59.175,53 €, a instalación dun ascensor no inmobile sito na rúa do Tambre, 9 Santiago de Compostela (A Coruña),

Segundo.- Autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade reguladas no Decreto 29/2010, do 4 de marzo, de conformidade co informe do arquitecto municipal de data 09/07/2024 solicitada para a a instalación dun ascensor no inmobile sito na rúa do Tambre, 9 Santiago de Compostela (A Coruña).

Terceiro: Remitir copia da presente resolución á Dirección xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo, xunto con copia da solicitude de excepcionalidade e a documentación.

7. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2024/00004979B.

Substitución e ampliación de dous ascensores de hotel sito en Praza de Galicia, 2.

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Eugenio José Torreira Pais, presentado o 03/02/2024, con documentación complementaria de data 08/06/2024 e 17/09/2024, cun orzamento de execución material de 35.1000,00 €, a substitución e ampliación de dous ascensores de hotel sito en Praza de Galicia, 2 Santiago de Compostela (A Coruña),

8. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2024/00000718M.

Licenza para a segregación de local comercial na parcela sita na rúa Amor Ruibal nº 4-6-8 baixo.

Acórdase conceder a licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto de segregación redactado polo arquitecto Leopoldo Ivorra Saenz-Diez presentado 23/01/2024 e documentación presentada o 20/02/2024,06/06/2024 e o 01/07/2024, a segregación de local comercial na parcela sita na rúa Amor Ruibal nº 4-6-8 baixo Santiago de Compostela (A Coruña) parcela parcela con referencia catastral 7164980NH3476C0044AK; en dous locais

9. XESTIÓN URBANÍSTICA. Referencia: 2021/00048046B.

Aprobación definitiva do Proxecto reformado de reparcelación da unidade de actuación número 2 (UA-2) do Plan especial de reforma interior (PERI-7) de Ponte Pedriña

Acórdase:

Primeiro. Autorizar e dispoñer o gasto de 30868,98 euros, con cargo á aplicación 050 15100 6810000, proxecto 2024 2 COTAS 21 1, para aboar o importe da compensación en metálico pola achega do terreo de 27,16 m2 que formou parte do predio rexistral 40614.

Segundo. Estimar parcialmente a alegación presentada pola Comunidade de Propietarios do edificio nº 4 de Amor Ruibal, no que atinxe á titularidade do resto do predio 40614, que se cualifica como de titularidade controvertida ao abeiro do previsto no artigo 247.4 do Regulamento de desenvolvemento da Lei do solo de Galicia (RLSG).

Terceiro. Rexeitara alegación presentada xa que este proxecto reformado non altera os actos administrativos anteriores que son xa firmes e consentidos.

Cuarto. Ao abeiro do previsto no artigo 273.2 do Regulamento de desenvolvemento da Lei do solo de Galicia, APROBAR DEFINITIVAMENTE O PROXECTO

REFORMADO DA REPARCELACIÓN DA UNIDADE DE ACTUACIÓN UA-2 DO PERI-7 (Ponte Pedriña), formulado de oficio polo Concello de Santiago a través dos servizos municipais de Planeamento e Xestión Urbanística.

Quinto. Consignar na Caixa Xeral de Depósitos a cantidade de 30.868,98 euros, ata tanto non se resolva a discrepancia entre a Comunidade de Propietarios do edificio 4-6-8 da rúa de Amor Ruibal e a promotora sobre a titularidade do terreo non edificado, de 27,16 m², que formou parte do predio rexistral 40614.

O acordo notificarase persoalmente a todos os titulares afectados e publicarase no Boletín Oficial da Provincia. |

10. CONTRATACIÓN. Referencia: 2024/00003929L.

|Aprobación do expediente de contratación *Servizo de mantemento e conservación dos sistemas de control, regulación e xestión do tráfico e do túnel urbano do Hórreo, incluído o mantemento evolutivo das aplicacións informáticas de xestión, reparación e realización de modificacións das instalacións.* |

Acórdase:

Primeiro: Retrotraer o expediente de licitación ao momento anterior ao da aprobación do expediente e dos pregos que rexen a licitación do Servizo de mantemento e conservación dos sistemas de control, regulación e xestión do tráfico e do túnel urbano do Hórreo, incluído o mantemento evolutivo das aplicacións informáticas de xestión, reparación e realización de modificacións das instalacións (RCC: CON2024000002), como consecuencia da resolución núm. 135/2024 do TACGAL, da que se derivou a modificación da cláusula 26 do PPT.

Segundo: Conservar todas as actuacións e documentos previos á aprobación do expediente e dos pregos do día 11/07/2024, agás o PPT, que debe modificarse como consecuencia da resolución 135/2024 do TACGAL.

Incorpórase ao expediente o PPT modificado o día 20/09/2024.

Terceiro: Aprobar o expediente e os pregos que rexen a licitación do Servizo de mantemento e conservación dos sistemas de control, regulación e xestión do tráfico e do túnel urbano do Hórreo, incluído o mantemento evolutivo das aplicacións informáticas de xestión, reparación e realización de modificacións das instalacións, cun orzamento base de licitación de 4.229.329,56 € (base imponible de 3.495.313,68 € e IVE do 21% de 734.015,88 €).

Cuarto: Considerar non válidas cinco das ofertas presentadas.

Quinto: Publicar, tanto no DOUE coma na PLACSP, un novo anuncio de licitación e abrir un novo prazo de presentación de ofertas de 35 días naturais.

Sexto: Comunicar este acordo ao TACGAL. |

11. CONTRATACIÓN. Referencia: 2024/00003816K.

|Ampliación do prazo de execución do contrato *Subministración de equipos denominados traxes de intervención e protección persoal (Chaquetóns e cubrepantalóns) con arnés para o Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento do Concello de Santiago de Compostela.* |

|Acórdase ampliar en 60 días, ao abeiro do artigo 195.2 da LCSP, o prazo de execución do contrato *Subministración de equipos denominados traxes de intervención e protección persoal (Chaquetóns e cubrepantalóns) con arnés para o Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento do Concello de Santiago de Compostela* suscrito coa empresa AXATON SL (NIF B91586529). |

12. CONTRATACIÓN. Referencia: 2024/00017132C.

Rectificación do erro aritmético existente no acordo da Xunta de Goberno Local adoptado na sesión ordinaria de data 16/09/2024 de adxudicación do contrato de obra "Mellora e acondicionamento do centro sociocultural de Villestro". POS+ 2021.

Acórdase rectificar o erro aritmético existente no acordo da Xunta de Goberno Local adoptado na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 16/09/2024, de xeito que:

Onde di:

Primeiro: Adxudicarlle, por cumprir cos requisitos exixidos no PCAP, a CALICANTO OBRAS Y PROYECTOS SL, con NIF B70574397, o contrato que ten por obxecto as Obras de execución do proxecto de "Mellora e acondicionamento do centro sociocultural de Villestro" / Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) POS+ 2021 da Deputación Provincial da Coruña, que presenta unha proposición económica de 74.515,63 € (base imponible de 64.888,95 € máis IVE do 21% por importe de 13.626,68 €). Désígnase como responsable do contrato a Dirección Facultativa da obra consonte o establecido no artigo 62.2 da LCSP. O seguimento deste contrato corresponde ao departamento de Medio Rural, que asigna a este cometido a Miguel Fernández Solís, enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal.

Terceiro: Comprometer un gasto por importe de 74.515,63 € con cargo ás aplicación orzamentaria 070 93303 6320000 (código de proxecto 2021 2 PPROV 35 3).

Debe dicir:

Primeiro: Adxudicarlle, por cumprir cos requisitos exixidos no PCAP, a CALICANTO OBRAS Y PROYECTOS SL, con NIF B70574397, o contrato que ten por obxecto as Obras de execución do proxecto de "Mellora e acondicionamento do centro sociocultural de Villestro" / Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) POS+ 2021 da Deputación Provincial da Coruña, que presenta unha proposición económica de 64.888,95 € máis IVE do 21% por importe de 13.626,68 €. Désígnase como responsable do contrato a Dirección Facultativa da obra consonte o establecido no artigo 62.2 da LCSP. O seguimento deste contrato corresponde ao departamento de Medio Rural, que asigna a este cometido a Miguel Fernández Solís, enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal.

Segundo: Comprometer un gasto por importe de 78.515,63 € con cargo á aplicación orzamentaria 070 93303 6320000 (código de proxecto 2021 2 PPROV 35 3).

13. OBRAS E PROXECTOS. Referencia: 2024/00046321E.

Aprobación do proxecto básico e de execución do PROXECTO DE REURBANIZACIÓN "Reurbanización da rúa García Lorca (Reformado)" (Nº Rexistro Xeral 2024062054 de data 17/10/2024) (documento pdf asinado dixitalmente por Pablo Blanco Ferreiro (Estudio Técnico Gallego))

Acórdase aprobar o "Proxecto de reurbanización da rúa García Lorca (Reformado)" (Nº Rexistro Xeral 2024062054 de data 17/10/2024) (documento pdf asinado dixitalmente por Pablo Blanco Ferreiro (Estudio Técnico Gallego) coas seguintes condicións:

ORZAMENTO O.E.M. (Orzamento de Execución Material) 832.628,00 €

O.B.L. (Orzamento Base de Licitación, sen I.V.E.) 990.827,32 € (O.E.M. + 13% G.G. + 6% B.I.)

O.B.L. + I.V.E. 1.198.901,06 € (O.B.L. + 21% I.V.E.)

PAZO DE EXECUCIÓN

O prazo de execución previsto é de 16 meses. Este prazo establececese á marxe de posibles retrasos na execución da obra por falta de dispoñibilidade da totalidade do ámbito de intervención por parte da empresa adxudicataria causada por fases ou

ámbitos de actuación sucesivos determinados polo servizo de tráfico a efectos de garantir unha mínima continuidade no sistema viario urbano o calquera outra condición allea á empresa que xustifique unha prolongación da execución do contrato. Neste caso, á vista das novas condicións establecidas, o Concello e a empresa adxudicataria pactarán os novos prazos correspondentes coherentemente cos tempos e ritmo de execución ofertados no seu día no correspondente plan de obra.

CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA De acordo co establecido na Lei 9/2017 da “Lei de Contratos do Sector Público” e no RD 1098/2001 “Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas”, é preceptiva a esixencia de clasificación por tratarse dun importe superior a 500.000 €. Propónse a seguinte clasificación: Clasificación G-Viais e pistas; Subgrupo 6; Categoría 4. |

14. OBRAS E PROXECTOS. Referencia: 2024/00046300R.

|Aprobación do proxecto de execución de “Rehabilitación integral do complexo deportivo de Santa Isabel. |

|Apróbase o proxecto DE EXECUCIÓN DE “REHABILITACIÓN INTEGRAL DO COMPLEXO DEPORTIVO DE SANTA ISABEL elaborado polo arquitecto D. Jorge Barata Martínez. |

15. CIRCULACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ. Referencia: 2022/00057022J.

|Aprobación do Proxecto para a Implantación das Zonas de Baixas Emisións do Concello de Santiago de Compostela. |

|Apróbase o “Proxecto para a implantación de Zona de Baixas Emisións de Santiago de Compostela”, que recolle as medidas e directrices necesarias para dita implantación, no marco do mandato legal contido no artigo 14 da Lei 7/2021, de 20 de maio, de Cambio Climático e Transición Enerxética, que foi redactado seguindo as determinacións do Real Decreto 1052/2022, de 27 de decembro e as Directrices para a creación de Zonas de Baixas Emisións publicadas polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico e a Federación Española de Municipios e Provincias; así como das Recomendacións para proxectos de ZBE no marco das axudas ós Concellos asociadas á inversión 1 do Compoñente 1 do *Plan de Recuperación, “Zonas de Baixas Emisións e Transformación do Transporte Urbano e Metropolitano”*, publicadas polo Ministerio de Transporte, Movilidad y Agenda Urbana. |

16. ÁREA XI. PLANIFICACIÓN E XESTIÓN TECNOLÓXICA. Referencia: 2024/00046000T.

|Validación da omisión da función interventora de facturas expedidas pola empresa Ricoh España, SLU. |

|Acórdase

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de TRESCENTOS TRINTA E CINCO EUROS CON OITO CÉNTIMOS (335,08 €) que comeza pola número F/2024/2109 por importe de 34,65 euros, e finaliza pola número F/2024/2353 por importe de 93,63 euros, en concepto de servizo de mantemento de fotocopiadoras en diversos departamentos municipais correspondentes ao período de abril de 2024.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade da prestación para evitar graves prexuízos ao inerece público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

17. ÁREA XI. PLANIFICACIÓN E XESTIÓN TECNOLÓXICA. Referencia: 2024/00045898J.

Validación da omisión da función interventora de facturas emitidas pola UTE Telefónica España, SAU- Telefónica Mviles España, SAU.

Acórdase

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de TRINTA E CATRO MIL DOUSCENTOS SESENTA E CATRO EUROS CON SETENTA E DOUS CÉNTIMOS, (34.264,72 €) e que comeza pola número F/2024/2505 por importe de 1.308,57euros e finaliza pola número F/2024/3973 por importe de 11.718,91 euros, en concepto de oito (8) servizos de telecomunicacións Bloque 1: plan corporativo, voz/datos, extensiones e líneas correspondente ao período de maio a agosto de 2024.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade da prestación, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medida necesarias para evitar ese prexuízo.

18. PROMOCIÓN ECONÓMICA. Referencia: 2024/00034922P.

Nomeamento das persoas membros do Xurado para a "III EDICIÓN DE PREMIOS A EXCELENCIA EMPRESARIAL AXENDA URBANA 2030 DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA"

Acórdase nomear como membros do xurado para esta III edición dos Premios á Excelencia Empresarial Axenda Urbana 2030 do Concello De Santiago De Compostela ás seguintes persoas:

- Alcadesa do Concello de Santiago de Compostela, Dna Goretti Sanmartín Rei quen actuará de presidenta do xurado.
- A concelleira responsable de Promoción Económica, Dna María Rózas Pérez
- En representación da Cámara de Comercio de Santiago de Compostela, Dna Rosa Mary Cardeso Trillo.
- En representación da Asociación Área Empresarial do Tambre, José Manuel Beceiro Deus
- En representación da entidade Espazo Coop. Dna María de los Ángeles Barreiro Vilas
- En representación da Universidade de Santiago de Compostela, D. Eva López Barrio
- En representación da dirección executiva da Axenda Urbana 2030 de Santiago de Compostela Dna. María Cadaval Sampedro
- En representación do Departamento de Desenvolvemento Local do Concello de Santiago Dna. Carme Casado Casado, quen actuará como secretaria do xurado.

19. EDUCACIÓN. Referencia: 2024/00041699T.

Aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e o Instituto de Educación Secundaria "Rosalía de Castro" para o Bacharelato Internacional

Acórdase:

Aprobar a concesión directa de subvención ao IES Rosalía de Castro, conforme ao artigo 22.2ª da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.

Aprobar o gasto por importe de 6.208,00 €, con imputación á aplicación orzamentaria 080.32400.4890001.

Aprobar o texto do Convenio entre o Concello de Santiago e o IES Rosalía de Castro para o financiamento do Bacharelato Internacional.

20. EDUCACIÓN. Referencia: 2024/00046355X.

Aprobación da solicitude á Deputación da Coruña para o Programa de subvencións a concellos e entidades locais para o mantemento de conservatorios, escolas de música e escolas de danza municipais durante o ano 2025 (FO207/2025).

Acórdase:

1. Aprobar a solicitude de subvención de 12.500,00 €, á Deputación da Coruña, para o mantemento da Escola Municipal de Música de Santiago de Compostela durante o ano 2025. Programa de subvencións a concellos e entidades locais para o mantemento de conservatorios, escolas de música e escolas de danza municipais durante o ano 2025. Programa FO207/2025
2. Autorizar para que a Deputación da Coruña poida obter as certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social no momento de recoñecer as obrigas e ordenar os pagamentos das subvencións.

21. CENTROS CÍVICOS. Referencia: 2024/00044565Z.

Solicitude á Deputación Provincial da Coruña dunha subvención nominativa para financiar as actividades dos centros socioculturais de ámbito rural durante o ano 2024

Apróbase a proposta orzamentaria para unha subvención nominativa á Deputación co desglose orzamentario seguinte para o ano 2024:

PROGRAMA	GASTO DO PROGRAMA	IMPORTE SOLICITADO A DEPUTACIÓN	PORCENTAXE SOLICITADA
Programa de actividades dos centros Socioculturais do ámbito rural 2024	125.000 €	75.000 €	60%

Aprobación da solicitude da subvención para as actividades socioculturais de ámbito rural por un importe de 75.000 €, dun total de 125.000 € de gasto a xustificar por parte do Concello, correspondendo a un coeficiente de financiamento do 60 %

22. CENTROS CÍVICOS. Referencia: 2024/00044556M.

Solicitude á Deputación Provincial da Coruña de subvención nominativa para financiar o sostemento do Centro Sociocultural do Ensanche durante o ano 2024

Apróbase a proposta orzamentaria coas subvencións nominativas á Deputación co desglose orzamentario seguinte para o ano 2024:

PROGRAMAS	GASTO DO PROGRAMA	IMPORTE SOLICITADO A DEPUTACIÓN	PORCENTAXE SOLICITADA

Sostemento do Centro Sociocultural e Xuvenil do Ensanche 2024	247.767,04 €	140.042,13 €	56,52%
---	--------------	--------------	--------

Aprobación da solicitude de subvención para o sostemento do centro sociocultural do Ensanche por un importe de 140.042,13 € dun total de 247.767,04 € de gastos a xustificar por parte do Concello, correspondendo a un coeficiente de financiamento do 56,52 %

23. EMPREGO. Referencia: 2024/00025834M.

Tomar coñecemento da sinatura dun convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e COGAMI.

Tómase conta da sinatura do convenio de colaboración coa Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI), para levar a cabo un proxecto de actividades para persoas con discapacidade na anualidade 2024, por importe de 15.000 euros.

24. ASISTENCIA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL. Referencia: 2024/00046389K.

Tomar coñecemento das resolucións ditadas pola Alcaldía e polas Concellerías Delegadas.

Tómase coñecemento das resolucións ditadas pola Alcaldía e polas Concellerías Delegadas no período comprendido entre o 11 e o 17 de outubro de 2024.

URXENCIAS

25. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/1988/2019.

Suspensión dos efectos das licenzas outorgadas por acordos da XGL do 13/10/2020 e 29/04/2024 para a construción de edificio na rúa Nova de Abaixo 20, paralización de obras e incoación de procedemento de declaración de nulidade das licenzas

Acórdase:

1º.- Suspender os efectos das licenzas concedidas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago de Compostela na sesión do 13 de outubro de 2020 e do 29 de abril de 2024 para a construción dun edificio na parcela situada na rúa Nova de Abaixo, 20 Santiago de Compostela (A Coruña) Parcela con Referencia Catastral 6872011NH3467B0001BF.

2º.- Ordenar a inmediata paralización das obras na parcela sita na rúa Nova 20 Santiago de Compostela parcela con referencia catastral 6872011NH3467B0001BF. A paralización das obras farase efectiva no prazo máximo de 24 horas, a contar dende o día da notificación. De non cumprimentar co ordenado, este Concello levará a cabo o precinto das obras sen máis trámites, nas vinte e catro horas seguintes á constancia formal do incumprimento.

3º.- Incoar procedemento de declaración de nulidade das licenzas de obras concedidas pola Xunta de Goberno Local con datas 13 de outubro de 2020 e 29 de abril de 2024 para a construción dun edificio na parcela situada na rúa Nova de Abaixo, 20 Santiago de Compostela (A Coruña) parcela con referencia catastral 6872011NH3467B0001BF.

4º.- Dar trámite de audiencia aos interesados por un prazo de dez días para que presenten documentos ou realicen as alegacións que estimen pertinente.

26. CONTRATACIÓN. Referencia: 2024/00023553R.

Aprobación do expediente de contratación do “Servizo de actualización e mantemento do aplicativo de nómina EPSILON RH do Concello de Santiago de Compostela”.

Acórdase:

Primeiro: Aprobar o expediente de contratación do Servizo de actualización e mantemento do aplicativo de nómina EPSILON RH do Concello de Santiago de Compostela de 111.303,00 € (base imponible de 91.985,95 € máis IVE do 21% de 19.317,05 €).

Segundo: Abrir o procedemento de adxudicación negociado sen publicidade ao abeiro do artigo 168.a) 2º da LCSP.

Terceiro: Autorizar o gasto correspondente por importe de 111.303,00 €, que se imputará á aplicación orzamentaria 030 92001 2279900, de acordo coa seguinte desagregación anual:

ANUALIDADE IMPORTE

2024 23.188,13 €

2025 55.651,50 €

2026 32.463,37 €

TOTAL 111.303,00 €

O gasto de exercicios futuros queda subordinado, así mesmo, ao crédito que para cada exercicio se autorice no respectivo orzamento consonte o establecido no artigo 174 do Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de maio, e no artigo 79 e seguintes do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.

27. MOCIDADE. Referencia: 2024/00020679W.

Aprobación do Regulamento de funcionamento interno do Consello Municipal de Mocidade do Concello de Santiago de Compostela.

Acórdase:

Primeiro.- Aprobar o proxecto de Regulamento de funcionamento do Consello Municipal de Mocidade do Concello de Santiago de Compostela.

Segundo.- Por ter natureza orgánica, solicitar informe á Secretaria Xeral do Pleno previo a súa remisión á comisión informativa correspondente para o ditame da norma.

Terceiro.- Remisión á comisión informativa correspondente para o ditame da norma, previa proposta ao Pleno para a aprobación inicial da norma.

28. COMERCIO. Referencia: 2024/00035350E.

Modificación de varias cláusulas e ampliación do prazo de xustificación do convenio entre o Concello de Santiago e a Asociación de Artesáns e comerciantes Ourives de Compostela para a o desenvolvemento de diversas accións no eido do plan estratéxico Ourives de Compostela.

Acórdase:

Primeiro: Modificación da cláusula cuarta do convenio entre o Concello de Santiago e a Asociación de Artesáns e comerciantes Ourives de Compostela para a o desenvolvemento de diversas accións no eido do plan estratéxico Ourives de Compostela., que queda redactada como segue:

“CUARTA. Gastos subvencionables

Considéranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada, realizados e efectivamente pagados entre o 1 de xaneiro e o 4 de novembro de 2024, data esta última, limite de xustificación. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado. En ningún caso poderán xustificarse gastos derivados da compra

de bens inventariables.”

O resto do parágrafo mantense nos mesmos termos.

Segundo: Modificación cláusula quinta parágrafo quinto do convenio entre o Concello de Santiago e a Asociación de Artesáns e comerciantes Ourives de Compostela para a o desenvolvemento de diversas accións no eido do plan estratéxico Ourives de Compostela., que queda redactada como segue:

“V.- A data límite de xustificación é o 4 de novembro de 2024. Para iso, a persoa beneficiaria deberá presentar a seguinte documentación:”

O resto do parágrafo mantense nos mesmos termos.

29. COMERCIO. Referencia: 2024/00031124M.

Toma de coñecemento da sinatura do convenio e addenda ao dito convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e Abanca Corporación Bancaria S.A para a entrega e distribución dos fondos das axudas do programa de dinamización e incentivación do consumo no comercio e hostalería do municipio de Santiago de Compostela, a través dos bonos Corazón Compostela 2024. |

Acórdase:

Primeiro: Tomar razón da sinatura do convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e Abanca Corporación Bancaria S.A para a entrega e distribución dos fondos das axudas do programa de dinamización e incentivación do consumo no comercio e hostalería do municipio de Santiago de Compostela, a través dos bonos Corazón Compostela 2024.

Segundo: Comprometer o gasto, por importe de 25.252,10 euros, con cargo á aplicación 020 43100 2269900, a favor de Abanca Corporación Bancaria S.A pola súa consideración de entidade colaboradora designada para a entrega e distribución dos fondos das axudas do programa de dinamización e incentivación do consumo no comercio e hostalería do municipio de Santiago, a través dos bonos Corazón Compostela 2024.

30. DEPORTES. Referencia: 2024/00020384Y.

Tomar coñecemento da sinatura do convenio de colaboración co club Móvete na Moto, ano 2024.

Tómase coñecemento da sinatura, o 18 de outubro de 2024, do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e o club MÓVETE NA MOTO para o ano 2024.